



PROTOCOLO PARA A DECISIÓN DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

[Aprobado en reunión do Claustro de data 13/4/2015]

[Adaptado á *Resolución* de 9 de xuño da DXE de aplicación do *RD 562/2017*, e ratificado en CCP 14/6/17]

Temporalización: setembro.

Responsable: cargo directivo que coordine a avaliación final extraordinaria

1. MOTIVACIÓNS

- a. Concretar os criterios de promoción e titulación para a ESO.
- b. Establecer un protocolo que permita a toma de decisións sobre a promoción e titulación nas Xuntas de Avaliación.

2. MARCO NORMATIVO

a. *Real Decreto 562/2017*.

b. *Resolución do 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación... pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real decreto 562/2017.... Instrución 2º.*

Segunda. Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requirirase:

Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

A estes efectos:

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

3. PROTOCOLO PARA A DECISIÓN DE TITULACIÓN EN 4º DA ESO (alumnado con 1 ou 2 materias suspensas)

- a. Tal como indica a lexislación, non titulará en ningún caso o/a alumno/a que suspenda ó mesmo tempo Lingua Galega e Literatura + Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura + Matemáticas.
- b. Para a titulación dun alumno/a con materias non superadas é condición necesaria que non se produciase o abandono de ningunha delas, entendendo por tal:
 1. Que mantivese unha actitude positiva nas clases, de traballo e de esforzo.
 2. Que presentase os traballos requiridos ao longo do curso.
 3. Que realizase as probas e exames.

En caso contrario considerase que non cumpre o requisito de ter "acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes."

- c. A titulación dun alumno/a con 1 ou 2 materias pendentes será sometida sempre a consideración e votación da xunta de avaliación.



- d. As argumentacións expostas polo profesorado da xunta de avaliación e a decisión sobre a titulación deberán basearse unicamente no criterio fixado na Orde: que se "considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes."

4. PROTOCOLO PARA A DECISIÓN DE PROMOCIÓN. 1º, 2º e 3º ESO (alumnado con 3 materias suspensas)

A promoción dun alumno/a con avaliación negativa en 3 materias só será tomada en consideración e sometida a votación pola xunta de avaliación en casos excepcionais, a proposta do titor/a ou dun profesor/a que lle imparta clase.

En todo caso, para poder proceder a esa toma de consideración será condición necesaria que non se producise o abandono de ningunha materia, tal como está definido no punto 3.a

5. DESENVOLVEMENTO DAS VOTACIÓNS

Todo o profesorado presente na Xunta de Avaliación que lle imparta docencia ao alumno ou alumna sobre o que se decide a promoción ou titulación está obrigado a emitir un voto afirmativo ou negativo, sen que sexa posible o voto en branco ou a abstención.